




Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

## CONVOCATORIA BOLSAS MUNICIPAIS DE COMEDOR 2020/2021

### 1. OBXECTO

1.1 De conformidade coas competencias que atribúe aos concellos a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como a Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, é obxecto desta convocatoria regular a concesión das bolsas de comedor destinadas, con carácter xeral, ao alumnado empadroadado no termo municipal da Coruña e matriculado nos centros educativos do mesmo termo municipal que cumpran os requisitos establecidos nas bases.

1.2 Esta convocatoria inclúe as bases e o procedemento de concesión das bolsas de comedor para o período lectivo do curso escolar 2020/2021 e para os períodos non lectivos de nadal do 2020 e de verán do 2021.

1.3 O acceso ás bolsas de comedor escolar estará supeditado ás prazas dispoñibles para este servizo en cada centro escolar e ao orzamento destinado a tal fin en cada convocatoria anual.

1.4 Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade.


### 2. RÉXIME XURÍDICO

2.1 A convocatoria rexerese polas presentes Bases e pola Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada o 11 de abril de 2005 (BOP núm. 40), no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polas demais normas que lle resulten de aplicación. A convocatoria axustarase, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Asemade, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, de regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e de establecer as obrigas de bo goberno, resulta de aplicación a Lei 19/13, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2.2 As bases, na súa versión íntegra, estarán a disposición das persoas interesadas na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e na Base de Datos Nacional de Subvenciones: <http://www.infosubvenciones.es> e un extracto delas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/es>.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

### 3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

3.1 O presuposto global estimado para as bolsas obxecto desta convocatoria específica é de 1.500.00,00 €, e está incluído actualmente nos créditos da aplicación 51.231.227.23. Deste importe, 450.000,00 € impútanse ao exercicio do 2020 e 1.050.000,00 €, correspondentes aos meses de decembro do 2020 e seguintes, imputaranse ao orzamento municipal do 2021. A concesión efectiva da bolsa de comedor para os meses de decembro e seguintes queda condicionado a que exista crédito suficiente no orzamento municipal do 2021. Todo o anterior sen prexuízo do que establece a Disposición Transitoria das presentes bases.

3.2 De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores ou dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, a contía adicional poderá aplicarse á concesión de bolsas sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración do crédito como dispoñible.

### 4. LÍMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1 A contía da bolsa de comedor cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor nos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP), nos institutos de ensino secundario (IES) e de formación profesional ou nos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE).

No caso dos centros privados e/ou concertados, a contía da axuda de comedor será de 80€ como norma xeral. Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.


Con carácter excepcional, o persoal técnico dos servizos sociais municipais poderá propor, mediante informe técnico que así o xustifique, que se incremente o custo financiado polo Concello ata unha contía máxima de 98€/mes.

4.2 A bolsa de comedor non cobre os gastos do seguro do comedor nin as cotas de alta nas ANPAS.

### 5. PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1 Poderá beneficiarse da bolsa municipal de comedor o/a alumno/a que reúna os requisitos sociais, persoais e económicos sinalados na base 6.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	


Esta convocatoria, con carácter xeral, está dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria (CEIP), dos institutos de ensino secundario (IES) e formación profesional e dos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE), sempre que estean localizados no termo municipal da Coruña e presten o servizo de comedor, cando reúnan os demais requisitos que esixe esta convocatoria.

## 6. REQUISITOS

6.1 Para acceder á bolsa, deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroad/a no Concello da Coruña.
- b) Estar matriculada/o ou ter praza solicitada nun centro educativo do termo municipal da Coruña que conte con servizo de comedor, xa sexa en educación infantil, educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio de formación profesional e formación profesional básica.
- d) Non superar os 7000 euros anuais de ingresos per cápita, de conformidade co baremo que se establece na presente convocatoria para a unidade familiar nuclear.
- e) Ter cumprido coas obrigas derivadas da participación na convocatoria anterior.
- f) Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- g) Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- h) Non ter resolto de xeito culpable ningún contrato realizado coa administración.
- i) Non ter incorrido en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei xeral de subvencións).
- j) Non ter en trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.
- k) Non ter sanción mediante resolución firme que implique a perda da posibilidade de obter subvencións.
- l) Calquera outro establecido na normativa sectorial de aplicación.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

6.2 Os requisitos deben reunirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a finalización da actividade subvencionada.

## 7. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

### 7.1 Dereitos


As persoas beneficiarias da bolsa de comedor terán dereito ao desfrute da bolsa nas súas diferentes modalidades conforme ao procedemento que establece a convocatoria.

### 7.2 Obrigas

Son obrigas das persoas beneficiarias da bolsa de comedor as seguintes:

- a) Presentar nos prazos establecidos a solicitude e toda a documentación preceptiva.
- b) Cumprir as bases da convocatoria.
- c) Asistir ao comedor durante todo o período subvencionado, salvo que se renuncie de xeito expreso. Non obstante, a asistencia nos meses de setembro e xuño terá carácter voluntario. De xeito excepcional, tamén se poderá admitir a modalidade de fixo-descontinuo para o alumnado con educación combinada, e para aqueles centros educativos que teñan xornada partida algún día a semana. O mesmo para aquelas situacións que valore o persoal técnico dos servizos sociais municipais.
- d) Non incorrer en absentismo escolar durante o curso.
- e) Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor escolar.
- f) Pagar puntualmente a parte do servizo de comedor escolar non subvencionada.
- g) Atender os requirimentos do persoal técnico dos servizos sociais cando así se lle solicite, así como comunicarlle a este mesmo Servizo calquera incidencia relacionada coa concesión e coa xestión desta axuda, incluído o cambio de domicilio.
- h) Comunicar por escrito, no caso de producirse, a renuncia á bolsa, así como a súa causa.
- i) Comunicar ao servizo xestor a renuncia á axuda municipal, no momento no que se coñeza a obtención de calquera outro recurso para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, ente público nacional ou internacional, ou de entidades privadas, por resultar incompatibles coa bolsa de comedor municipal.
- j) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os órganos de control financeiro, achegando a información que se lle requira no exercicio das facultades de control.
- k) Calquera outra establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

## 8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1 A solicitude do/a alumno/a deberá presentarse no impreso municipal específico para esta convocatoria, que deberá asinar a persoa solicitante ou, no caso de ser menor de idade, o seu representante legal.

Os impresos facilitaranse nas oficinas dos rexistros municipais da Praza de María Pita, 1, do Fórum Metropolitano (rúa Río de Monelos, 1), do Centro Ágora (lugar da Gramela, 17) e do CCM Mesoiro (rúa Ancares, 15) e nos centros cívicos municipais. Tamén estarán dispoñibles a través da sede electrónica (<https://sede.coruna.gob.es>) e da páxina web (<http://www.coruna.gal/servizossociais>).

As solicitudes e a documentación que se achegue poderá presentarse nos rexistros municipais sinalados ou por calquera outro medio dos que permite o art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

8.2 O prazo para presentar as solicitudes será de trinta **(30) días naturais**, que se contarán a partir do 1 de xuño de 2020, en aplicación do disposto no artigo 11 do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio.

8.3 A información polo miúdo sobre estas bolsas facilitarase nos centros cívicos municipais e no teléfono 010 de información cidadá do Concello da Coruña.


## 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

9.1 A avaliación da situación familiar realizarase sobre a base da documentación que os/as solicitantes acheguen e da que se engada ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O antedito é sen prexuízo de que poida requirirse outra documentación para acreditar os feitos alegados e/ou para permitir probar a puntuación obtida.

Para determinar a composición da unidade familiar aos efectos de calcular a capacidade económica, entre outras, as seguintes circunstancias:

- No caso de que convivan ámbolos dous proxenitores, sumaranse os ingresos dos dous. Nos casos de custodia compartida, presumirase que existe unha soa unidade familiar e serán obxecto de valoración os ingresos de ámbolos dous proxenitores.
- Nos supostos nos que non exista convivencia, aplicarase con carácter xeral, o establecido nas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente. Cando non existan medidas paterno-filiais, a situación asimilarse á recollida no apartado a).
- Nos supostos de acollemento, a valoración realizarase sobre a unidade familiar titular da acollida.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

## 9.2 Para conceder/denegar a bolsa avaliaranse os seguintes factores:

a) Os ingresos da unidade familiar, medidos segundo a última declaración dispoñible do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (Modelo D-100 do IRPF) ou segundo o certificado de imputación de rendas que emitise a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de non estaren obrigados a presentar a citada declaración.

Tamén se sumarán as prestacións do Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS) ou do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e entidades similares, aínda que pola súa natureza estivesen exentas de tributación no IRPF. Do mesmo xeito que contarán as posibles pensións de alimentos establecidas nas eventuais sentenzas de separación ou convenios reguladores aprobados xudicialmente.

Desta capacidade económica descontarase os gastos do aluguer ou da hipoteca da vivenda habitual ata un máximo anual de 3.600 euros, previa a presentación do último recibo do aluguer ou do préstamo hipotecario. Este recibo deberá emitilo a persoa titular da propiedade ou a entidade financeira que formalizou o préstamo. Para realizar o desconto deberá acreditarse, mediante referencia catastral, que o recibo da hipoteca ou do aluguer corresponde á vivenda habitual da unidade familiar definida nos parágrafos anteriores. As unidades familiares que perciban ingresos polo aluguer doutros inmobles, non poderán beneficiarse do desconto polo aluguer/hipoteca da súa residencia habitual.

Nos supostos nos que resulte imposible presentar a documentación sinalada, por terse trasladado a persoa desde o estranxeiro, a capacidade económica será avaliada tendo en conta os ingresos obtidos desde a súa chegada a territorio español.

b) A situación laboral dos proxenitores para os efectos de avaliar as posibles incompatibilidades horarias.


c) A existencia doutras circunstancias sociais ou familiares (monoparentalidade, violencia de xénero, familia numerosa, etc.).

d) A existencia dalgún estado de saúde que supoña unha dificultade importante por parte das persoas que ostenten a custodia para atender á/ao alumna/o durante a hora da comida. Ou ben, a existencia de discapacidade ou intolerancias alimentarias da persoa solicitante.

9.3 A puntuación total resultará de sumar os puntos dos apartados a), b), c) e d), segundo o baremo da base 11.

## 10. DOCUMENTACIÓN



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

10.1 Deberá achegar **dentro do prazo de presentación de solicitudes**, a seguinte documentación:

a) O modelo de solicitude específico para a bolsa de comedor municipal, completado e asinado polo/a alumno/a ou, no caso de menores de idade, polo seu representante legal.

b) O Anexo I asinado polo/a alumno/a ou, no caso de menores de idade, polo seu representante legal. Consiste nunha declaración responsable co compromiso de cumprir coas obrigas da convocatoria, e en particular, coa de manter a residencia efectiva no termo municipal da Coruña.

c) O Anexo II asinado polo/a alumno/a ou, no caso de menores de idade, polo seu representante legal. Consiste nunha declaración responsable de non ter pendente de reintegrar ningunha outra subvención de calquera administración.

d) O Anexo III asinado polo/a alumno/a ou, no caso de menores de idade, polo seu representante legal. Consiste en declarar baixo a súa responsabilidade que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que se compromete a manter esta situación ata o remate da prestación subvencionada.

e) O Anexo IV relativo á consulta de datos, asinado por ambas persoas proxenitoras, titoras ou gardadoras.

f) O Anexo V, asinado polo/a alumno/a ou, no caso de menores de idade, polo seu representante legal. Consiste en ceder o dereito de cobro da subvención á entidade que preste o servizo de comedor.

g) O Libro de Familia ou documento equivalente que acredite a filiación ou, de existir outra relación co/a alumno/a, a representación legal.

h) Nos casos nos que o pai e a nai non convivan, a copia da sentenza ou o convenio regulador que conteña as medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente.


Se houbese algún impago na pensión por alimentos, deberá presentarse a solicitude de execución do título xudicial. No caso de xa existir título executivo entenderase cobrada a pensión, salvo proba en contrario.

g) O certificado escolar ou a copia da solicitude de matrícula.

10.2 A **autorización do/a alumno/a para consultar os datos** dos que dispoña a Administración, enténdese outorgada coa sinatura da solicitude, salvo que se manifeste a oposición expresa á devandita consulta no apartado correspondente.





Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

Para asegurar a consulta correcta dos datos referidos aos proxenitores, titores ou persoas que ostenten a custodia, terán que asinar ambos/as no Anexo IV da consulta de datos. Se algún dos dous membros non desexa autorizar que o persoal municipal consulte os datos persoais que obran en poder das Administracións Públicas, deberá expresalo marcando no mesmo Anexo IV a oposición á consulta. Neste caso, debe saber que terá que acompañar a solicitude da seguinte documentación:

- Declaración do imposto sobre a renda (Modelo 100-IRPF) ou certificado de imputación de rendas emitido pola AEAT referidos ao último exercicio dispoñible
- Certificado de prestacións (positivo/negativo) emitido polo Rexistro de Prestacións Sociais Públicas e referido ao mesmo período
- Certificado de prestacións (positivo/negativo) emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) para o mesmo exercicio
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social

No suposto de que, por imposibilidade legal, non sexa viable obter os datos económicos dalgún dos membros da unidade familiar polos medios anteriores, a situación económica deberá acreditarse presentando o informe de vida laboral dos últimos doce meses.

No caso de ter traballado, ao informe de vida laboral achegaranse as nóminas (traballo por conta allea) ou as declaracións tributarias trimestrais (traballo por conta propia).

En caso contrario, deberá presentar unha declaración xurada da situación económica da unidade familiar.

10.3 Para poder valorar outras circunstancias adicionais incluídas no baremo desta convocatoria, deberán marcarse na solicitude e presentarse os seguintes documentos acreditativos:

- Incompatibilidade horaria

Certificado emitido pola empresa contratante indicando un horario de traballo incompatible coa entrega e a recollida dos/as menores do centro escolar para comer. Deberá acreditarse para ámbolos dous pais/nais, excepto nos casos de custodia outorgada a unha soa persoa.


- Violencia de xénero

Acreditarse a través de calquera dos medios que permite o art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, sempre que se poida comprobar que a situación de violencia se produciu dentro dos últimos tres anos.

- Familia numerosa





Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

Título de Familia Numerosa emitido pola administración competente, só no caso no que se opoña á consulta de datos.

- Intolerancias alimentarias

Informe médico actual que reflecta o número do colexiado, o tipo de intolerancia e a dieta que se precise.

- Estado de saúde física ou psíquica

Certificado de discapacidade ou ben informe emitido polo/a traballador/a social do centro de saúde que lle/s corresponda e que acredite que o estado de saúde supón unha dificultade importante por parte das persoas que ostentan a custodia para atender á/ao alumna/o durante a hora da comida.

Todo o anterior sen prexuízo de que o órgano instrutor decida requirir calquera outro documento pertinente para a valoración.

## 11. BAREMO

As solicitudes serán avaliadas mediante a aplicación do seguinte baremo, segundo as circunstancias da unidade familiar.

A situación económica da unidade familiar valorarase tendo en conta a renda per cápita anual (RPC) da familia, que se obterá como resultado de dividir a suma da renda dos/das proxenitores/as ou persoas que ostenten a custodia e a do/da solicitante, entres os mesmos membros da unidade familiar nuclear.


Entenderase por unidade familiar nuclear a composta pola persoa solicitante (o alumno ou alumna) e as persoas que sexan proxenitoras ou ben ostenten a tutela ou a garda.

Para estes efectos, tomarase como información veraz a información tributaria que estea en poder da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) respecto dos exercicios 2018 ou 2019, segundo proceda.

Por renda familiar entenderase a suma dos ingresos que obtivesen durante o ano, ademais da persoa solicitante, aquelas que ostenten a garda e/ou a custodia (proxenitores/as, titores/as ...), calquera que fose a súa procedencia, aplicando os seguintes criterios:

- A renda familiar será a agregación das rendas de cada unha das persoas da unidade familiar definida no apartado anterior, calculadas segundo indican os parágrafos seguintes. En ningún caso se incluírán os saldos negativos de ganancias e perdas patrimoniais que correspondan a exercicios anteriores ao que se computa.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

- Para determinar a renda das persoas que presentasen declaración de IRPF sumarase a base impositiva xeral e a base impositiva do aforro do período impositivo que corresponda.


Os datos que consultará o equipo técnico de avaliación serán os datos tributarios en relación ao IRPF do último exercicio dispoñible, que consten ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), por cada membro da unidade de familiar.

- Cando non se dispoña de dato sobre ingresos nas bases de información da AEAT, teranse en conta os ingresos que se xustifiquen, sempre que os xustificantes sexan coherentes co informe de vida laboral. De non existir tal documentación, será preciso presentar declaración responsable dos ingresos reais.
- No caso de que na unidade familiar exista algunha persoa perceptora da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) ou ben da Renda Social Municipal (RSM), non serán de aplicación os preceptos anteriores, senón que se outorgarán 11 puntos de xeito directo neste apartado.

Os puntos no apartado de avaliación da situación económica da unidade familiar, tendo en conta a renda per cápita anual (RPC) e o disposto nos apartados anteriores, serán os que resulten de aplicar o baremo por tramos do apartado a):

a) Situación económica	Puntuación
Percepción de RISGA/RSM	11 puntos
Dende 0,00 € ata 3.000,99 €	11 puntos
Dende 3.001,00 € ata 4.000,99 €	10 puntos
Dende 4.001,00 € ata 5.000,99 €	9 puntos
Dende 5.001,00 € ata 6.000,99 €	8 puntos
Dende 6.001,00 € ata 7.000,99 €	7 puntos
Máis de 7.001,00 €	0 Puntos
<b>Total a):</b>	
b) Situación laboral	
Incompatibilidade horaria dos dous proxenitores ou do proxenitor/a custodio/a segundo sentenza xudicial	2 Puntos
<b>Total b):</b>	
c) Situación social	
Monoparentalidade *	1 Punto
Violencia de xénero (últimos tres anos)	1 Punto
Familias numerosas	1 Punto
<b>Total c):</b>	



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

<b>d) Situación de saúde</b>	
Intolerancias alimentarias	1 Punto
Estado de saúde física e/ou psíquica do/a solicitante	1 Punto
Estado de saúde física e/ou psíquica que supoña unha dificultade importante por parte das persoas que ostentan a custodia para atender á/ao alumna/o durante a hora da comida (máximo 2 puntos)	1 Punto
	<b>Total d):</b>
	<b>Total (a+b+c+d):</b>

(\*). Enténdese por familia *monoparental* o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

## 12. CRITERIOS DE CONCESIÓN

12.1 Será persoa beneficiaria da bolsa de comedor a/o alumna/o que cumpra os requisitos da normativa estatal e autonómica en materia de subvencións e que obteña 10 ou máis puntos na valoración efectuada prevista nestas bases, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

A prestación concederáse seguindo a orde de maior a menor puntuación ata esgotar o crédito dispoñible. As persoas solicitantes que obteñan 10 ou máis puntos e que non poidan ser beneficiarias por terse esgotado o crédito dispoñible, pasarán a formar parte dunha listaxe ordenada de maior a menor puntuación á espera de que exista algunha renuncia ou de que se incremente o orzamento de acordo con disposto na base 3.2.


12.2 As solicitudes recibidas despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes (base 14 desta convocatoria), baseadas en situacións sobrevividas, tamén se incluírán nesta listaxe de espera e ocuparán, segundo a puntuación alcanzada, o lugar que lles corresponda.

12.3 En caso de empate no total de puntos obtidos, concederáse as bolsas tendo en conta os puntos obtidos nos seguintes apartados (por esta orde):

- 1) Maior puntuación no apartado A de valoración da situación económica da unidade familiar
- 2) Maior puntuación no apartado B de valoración da situación laboral
- 3) Maior puntuación no apartado C de valoración da situación social
- 4) Maior puntuación no apartado D de valoración da situación de saúde

## 13. PROCEDIMENTO



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

13.1 Nomearase unha mesa de avaliación como órgano colexiado que avalíe de acordo co baremo establecido na base 11 as solicitudes presentadas en prazo e forma. O órgano instrutor será a persoa titular da Xefatura de Servizo ao que funcionalmente se adscriba o Programa de Traballo con Familias ou a persoa que a substitúa.

13.2 Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a listaxe de admitidas/os e excluídas/os publicarase nas oficinas dos rexistros municipais, nos taboleiros dos centros cívicos municipais, e na sede electrónica do Concello da Coruña :

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

A información tamén poderá estar dispoñible na páxina web municipal ([www.coruna.gal/servizossociais](http://www.coruna.gal/servizossociais)) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

No caso dos/as alumnos/as excluídos/as indicaranse as causas de exclusión e concederáselles un prazo de 10 días hábiles para emendar a documentación requirida, advertíndoselles que se lles terá por desistidas das súas solicitudes no caso de non facelo.

13.3 Logo de realizar a avaliación, o órgano instrutor ditará proposta de resolución provisional, que se publicará nos lugares e polos medios sinalados no apartado 13.2. A proposta recollerá a listaxe provisional de persoas beneficiarias e a puntuación outorgada. Ao día seguinte da publicación comezará a computar o prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións.


13.4 Logo de se examinare as alegacións, o órgano instrutor ditará a proposta de resolución definitiva. A continuación, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa. Entenderase que aceptan a bolsa de comedor si, transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles, non renunciase de xeito expreso.

13.5 A competencia para conceder/denegar as bolsas de comedor corresponde á persoa responsable da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante o acordo adoptado o 28 de xuño do 2019 e publicado no BOP da Coruña nº 124 o 3 de xullo do 2019. A resolución que se adopte publicarase nos lugares e polos medios sinalados no apartado 13.2.

13.6 Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor de xeito potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a adoptou, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado da Xurisdición Contencioso-administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de se publicar oficialmente a resolución da concesión definitiva.

## 14. CONCESIÓN POR CAUSAS SOBREVINDAS



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

14.1 Poderán admitirse de xeito excepcional solicitudes fóra do prazo establecido e ao longo de todo o curso escolar 2020/2021, cando con posterioridade ao remate do devandito prazo conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Traslado de residencia ou centro escolar desde outro municipio, que se acreditará mediante a presentación de certificado escolar, da inscrición no padrón municipal ou doutra documentación suficientemente xustificativa.
- Situacións de violencia de xénero, que deberán acreditarse mediante a documentación correspondente.
- Cambios nas circunstancias laborais, económicas ou sociais, de saúde, familiares ou similares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria e que poidan derivar nunha situación de risco de exclusión social. Esta situación deberá valorala e informala o persoal técnico dos servizos sociais municipais.
- Inicio do servizo de comedor escolar nun centro educativo con posterioridade ao peche do prazo de presentación de instancias.

14.2 Estas solicitudes por causa sobrevinda deberán cumprir os mesmos requisitos e ir acompañadas da documentación preceptiva. Nestes casos, a persoa interesada ou quen a represente legalmente, deberá presentar a solicitude. A continuación acudirá, solicitando cita previa, ao centro cívico municipal de referencia para que o persoal técnico poida valorar a posible situación sobrevinda e emitir o informe acreditativo do cumprimento dos requisitos.


Unha vez que a unidade tramitadora reciba a solicitude e a documentación, requirirá á persoa interesada aqueles documentos que falten ou estean incompletos, para que nun prazo de 10 días hábiles emende a súa solicitude. De transcorrer o prazo sen atender o requirimento, considerarase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude.

## 15. BAIAS

15.1 Respecto da falta de asistencia ao comedor, distinguirase entre:

- Desistencia. É a baixa voluntaria da persoa beneficiaria por renuncia expresa, que deberá comunicar á Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación.
- Suspensión temporal do servizo por motivos médicos ou similares, que valorará o persoal técnico dos servizos sociais previa a revisión dos informes médicos e/ou da documentación achegada. O informe dos servizos sociais determinará a suspensión ou non da bolsa de comedor.
- Ausencia do comedor/centro escolar sen xustificación.
- Baixa, segundo se establece nos apartados do punto seguinte.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

15.2 En calquera momento, a persoa beneficiaria poderá renunciar ao desfrute da bolsa. Tramitarase a baixa de oficio no caso de incumprir as obrigas establecidas na base 7.2 ou deixar de reunir os requisitos que se recollen na base 6.1.

15.3 Poderase revogar a concesión da bolsa, en particular, polos seguintes motivos:

- Non comunicarlles aos servizos sociais municipais a falta de asistencia do/a alumno/a ao servizo de comedor, fose esta temporal ou definitiva.
- Ter ocultado información ou alterado as circunstancias determinante para conceder a axuda.
- Non realizar os trámites precisos para incorporarse ao servizo.
- Incumprir o réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- A falta de asistencia continuada ou intermitente ao comedor durante máis de quince días lectivos, agás as excepcións contempladas no punto 15.1.b) desta mesma base.

15.4 O pagamento da parte da cota do comedor que corresponde á familia non implica a reserva de praza nin exige da asistencia ao centro educativo e ao comedor.

## 16. PERÍODOS NON LECTIVOS

O beneficio da bolsa de comedor que regulan estas bases poderá estenderse aos períodos non lectivos do calendario escolar (nadal e verán) naqueles casos nos que se preste este servizo e sempre que os equipos técnicos dos servizos sociais informen sobre a necesidade do/a alumno/a.

Os servizos que se poden subvencionar son:


- Os comedores dos campamentos escolares
- As comidas nos comedores sociais municipais
- Os comedores dos centros escolares, no caso de prolongarse o servizo
- As comidas nos comedores das entidades de iniciativa social que decidan prestar o servizo neste ámbito.

Os requisitos para estender este beneficio aos períodos de vacacións son dous:

- Ter concedida a bolsa para o período lectivo
- Obter un informe favorable dos equipos técnicos municipais, no que se valore a necesidade do/a alumno/a

O/a alumna deberá estar en condicións de acreditar que cumpre os requisitos anteriores cunha antelación de 15 días hábiles respecto do inicio dos períodos de vacacións, conforme ao previsto no calendario escolar.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514IOLQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

O Concello subvencionará o importe total do servizo de comedor, sempre que exista crédito orzamentario suficiente. No caso de que o crédito non cubra a todas as posibles persoas beneficiarias, distribuirase o importe existente en función da puntuación obtida na solicitude inicial.

A extensión do beneficio a estas persoas reflectirase nunha resolución de concesión específica do órgano outorgante da subvención.

## 17. COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DAS BASES E RECURSOS CONTRA AS MESMAS

17.1 O acordo que se adopte é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

17.2 Contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor de xeito potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado da Xurisdición Contencioso-administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de se publicar oficialmente o acordo de aprobación das bases no BOP.

## 18. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña co obxecto de xestionar o presente procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza María Pita, núm. 1, 15001, A Coruña), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

## 19. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN


A concesión da bolsa de comedor con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento ás entidades que efectivamente prestan o servizo, polo que o pagamento do orzamento total practicarase efectivamente a estas.

O pago delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio ningún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento das presentes bases. Esta cesión do dereito de cobro formalizarase mediante a presentación do Anexo IV debidamente asinado e deberá reflectirse nas facturas mediante a fórmula que se estableza.

## 20. TRANSPARENCIA





Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

20.1 De conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e o artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a relación provisional e definitiva de persoas beneficiarias da prestación de comedor publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web dos servizos sociais municipais, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade, previa a súa disociación dos citados datos conforme a normativa aplicable.

20.2 De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial da Provincia da Coruña.


#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

No caso de menores de idade tutelados/as por unha institución pública, poderán beneficiarse da bolsa se acreditan que o seu centro escolar ten xornada partida e que a distancia entre o centro educativo e a residencia de acollida non é compatible co uso do transporte escolar.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Cando o órgano administrativo competente decida para esta finalidade dotar de crédito unha aplicación dentro do artigo 48 da clasificación económica do presuposto municipal, o gasto pendente pasará a imputarse a esta aplicación, atendendo así aos principios de especialidade e especificidade.



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	


## ANEXO I

Eu, \_\_\_\_\_ con documento de identidade número \_\_\_\_\_, en representación do/da menor de idade \_\_\_\_\_, declaro responsablemente que me comprometo a cumprir coas obrigas da convocatoria de bolsas de comedor municipais 2020/2021 do Concello da Coruña, en particular, a manter a residencia efectiva no termo municipal da Coruña durante o período que alcance o disfrute da bolsa de comedor.

A Coruña, de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.:



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	


## ANEXO II

Eu, \_\_\_\_\_ con documento de identidade número \_\_\_\_\_, en representación do/da menor de idade \_\_\_\_\_, declaro responsablemente que non teño pendente de reintegrar ningunha outra subvención de calquera administración pública e que me comprometo a manter o cumprimento deste requisito durante o período que alcance o desfrute da bolsa de comedor.

A Coruña, de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.:



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	


### ANEXO III

Eu, \_\_\_\_\_ con documento de identidade número \_\_\_\_\_, en representación do/da menor de idade \_\_\_\_\_, declaro responsablemente que me atopo ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social nos termos establecidos no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvenciones; así como que me comprometo a manter o cumprimento deste requisito durante o período que alcance o disfrute da bolsa de comedor.

A Coruña, de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.:



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

#### ANEXO IV

Identificación e firma das persoas proxenitoras, titoras legais ou gardadoras da/do solicitante :

Nome e apelidos	DNI/NIE/PAS	Relación con/coa solicitante	Sinatura	OPOÑOME á consulta dos meus datos (*)


Notas:

1. Deberá completar e asinar este anexo en todos os casos.
2. (\*) Só no caso de que se opoña a que o Concello consulte os seus datos deberá escribir un SÍ neste apartado.
3. No caso de oporse á consulta de datos, deberá aportar vostede toda a documentación prevista na base 10.2.
4. A oposición expresa, si a tivese marcado, poderá revogala en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello da Coruña.

A Coruña, a            de            de 2020

Asdo.:



Área / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B SVC	Documento 10514I0LQN	
Código de verificación  4636 1N1N 1D28 2X6B 0K2G	Expediente 105/2020/2111	
	Fecha 29-05-2020	

## ANEXO V

### CESIÓN DO DEREITO DE COBRO DA SUBVENCIÓN

Conforme ao disposto na base 19 da convocatoria das bolsas municipais de comedor 2020/2021, ..... , con documento de identidade nº ..... , en representación do/da menor de idade ..... , declara que cede de forma expresa o dereito de cobro da bolsa de comedor da convocatoria sinalada á entidade xestora do comedor que preste efectivamente o servizo subvencionado.

A Coruña, a      de      de 2020

Asdo.: